

FIADDEIRO

SÉGUNDA ÉPOCA: Nº 16

U
X
Í
O

R
O
V
O
N
E
Y
R
A

LETRAS GALEGAS 2010
C.E.I.P. MONTEMOCOS
BELUSO

ÍNDICE

TRABALLOS DE INFANTIL.

TRABALLOS DO PRIMEIRO CICLO.

PRIMEIRO CURSO.

SEGUNDO CURSO.

TRABALLOS DO SEGUNDO CICLO.

TERCEIRO CURSO.

CUARTO CURSO.


TRABALLOS DO TERCEIRO CICLO.

QUINTO CURSO.

SEXTO CURSO.



EDITORIAL



*Se o pasado é pasado
o presente é presente
por que inda busca a xente
aquil soño clausurado?*

*Camiño de volta fago
volvo do cabo do mundo
Terra solo en ti me fundo
é a certeza que trago.*



Cos primeiros raios de sol as néboas comezaban a desaparecer do val de Folgoso do Caurel, dando paso a visión dunha terra cuberta de árbores e campos verdes, onde os rechouchíos dos primeiros paxaros rompían o silencio que rodeaba a zona.

Na curota do monte máis alto, dous homes vestidos de branco, coma os antigos patriarcas, rodeados por unha auréola que marcaba os seus corpos; contemplaban a paixase. Un deles era máis ben gordo e cuns anteollos de pasta negra, o outro tiraba a fraco e cunha poboada barba de cor branquecino.

O de máis idade, que era o dos anteollos, díxolle o seu compañeiro:

_Recordas, amigo Uxío, cando tiveches que abandonar estas terras nas que naciches.

_Si, meu apreciado Don Álvaro, recordo a delicia de poder coñecer novos mundos e a tristura de deixar estes meus EIDOS, terra dos meus antergos e lugar dos meus xogos de neno.

_Pois según me comentou o meu amigo, o DRUÍDA MERLÍN, eso lle está a pasar os mozos e mozas do 6º de primaria do CEIP de Montemogos de Beluso, que ó final de curso teñen que abandonar o seu colexio, onde pasaron e viviron as súas experiencias nos últimos 9 anos.

O alumnados de 6º de primaria do CEIP de Montemogos despedímonos con agarimo dos compañeiros e mestres que tivemos nestes cursos, cos que compartimos delicias, tristuras, traballos, xogos...E co desexo de poder voltar, inda que so sexa de visita, nos vindeiros anos.


ATA SEMPRE Os de 6º.

UN PASEO POLA CIDADE

Os nenos de educación infantil ó longo deste trimestre, fixemos moitas actividades sobre o tema "A cidade".

Aquí vos presentamos unha pequena mostra do noso traballo

Visitamos Pontevedra



ESTIVEMOS MERENDANDO
NA PRAZA DE MUGARTEGUI.

VISITAMOS AS INSTALACIÓNS
DA POLICÍA LOCAL E TOCAMOS
A SIRENA DOS COCHES.



VISITAMOS A BIBLIOTECA DO SALÓN
DO LIBRO E COÑECIMOS A ORBIL.

ESTIVEMOS LENDO UN RATIÑO
EN COMPAÑÍA DE ORBIL A MASCOTA




MAXI NA CIDADE

Érase unha vez
unha mascota cha-
mada Maxi que
vivía no cole de Ca-
baló

Como había moito
ruído na escola
decidíu marchar
á cidade

Este é o noso amigo
Maxi. Como podedes ver
marchou moi contento
coa súa maleta cara a
ciade, pero a alegría
duroulle pouco...



cando chegou alí había
moita xente
e moito ruído do
tráfico

As persoas gran-
des aplastábano
Entón decidiu
volver ó cole
Todos nos
alegramos
moito de velo de
novo!

ADIVIÑAS

MOITAS PERSONAS
VENEN E VAN
COCHES E AUTOBUSES
PASAN SEN PARAR




CIDADE




POLICÍA

TOCANDO O SILBATO
E MOVENDO OS BRAZOS
ORDENANDO OS COCHES DO BARRIO

VINO NA RUA
TRES OLLOS TENO
TODOS ME MIRAN
EA NINGUEN VEXO




SEMAFORO



STOLOS

TENO COUSAS,
COUSAS TENO,
TI AS MERCAS,
EU AS VENDÓ.



TENDA

EL AUTO DE PAPÁ

El viajar es un placer,
que nos suele suceder.

En el auto de papá,
nos iremos a pasear.
Vamos de paseo pi, pi, pi,
en un auto feo pi, pi, pi
pero no me importa pi, pi, pi,
porque llevo torta pi, pi, pi



(...entramos en zona donde hay curvas)

El viajar es un placer,
que nos suele suceder.
En el auto de papá,
nos iremos a pasear.

*(y ahora nos agachamos...
porque vamos a pasar por un túnel)*

Por el túnel pasarás, l
a bocina tocarás.
La canción del ti, ti, ti, l
a canción del ta, ta, ta.
Vamos de paseo pi, pi, pi,
en un auto feo pi, pi, pi
pero no me importa pi, pi, pi,
porque llevo torta pi, pi, pi



(... entramos en zona de baches...)

El viajar es un placer,
que nos suele suceder.
En el auto de papá,
nos iremos a pasear.
Vamos de paseo pi, pi, pi,
en un auto feo pi, pi, pi
pero no me importa pi, pi, pi,
porque llevo torta pi, pi, pi

*(frena,...no ve que hay semáforos
que está rojo, amarillo y... verde,
rojo, amarillo y... verde. ...)*

*(Nos preparamos para una
carrerita... Ponemos 1ª, 2ª, 3ª,
4ª...)*

El viajar es un placer,
que nos suele suceder.

En el auto de papá,
nos iremos a pasear.
Vamos de paseo pi, pi, pi,
en un auto feo pi, pi, pi
pero no me importa pi, pi, pi,
porque llevo torta pi, pi, pi



*No Entroido disfrazámonos de coches e aprendemos esta canción
¿A que vos tamén a sabedes?. Cantádea conosco.*

ED. INFANTIL

BUEU E AS SÚAS RÚAS



As nenas e nenos de primeiro A andivemos a investigar sobre a nosa localidade, Bueu.

Descubrimos onde está localizada, cales son os tipos de tendas que podemos atopar, os edificios públicos que existen ou tamén cales son os nomes das súas rúas. Partindo de aquí, descubrimos que había algunhas rúas que levaban nomes de personaxes importantes da nosa historia ou que outras facían alusión a lugares, como por exemplo a rúa “ Banda do Río, “Fonte do galo”...


Estes son algúns dos personaxes sobre os que nos documentamos:

JOHAN CARBALLEIRA



O verdadeiro nome de Johan Carballeira era José Gómez de la Cueva. Naceu en Vigo o 13 de febreiro de 1902 e morreu en Poio o 17 de abril de 1937.

Foi un periodista e político español de tendencia galeguista durante o período da Segunda República.



ROSALÍA DE CASTRO



Foi unha das máis grandes escritoras, poetisa e novelista.

Naceu en Santiago de Compostela o 24 de febreiro de 1837 e morreu en Padrón o 15 de xullo de 1887.



CASTELAO




O nome completo de Castelao era Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao.

Foi político, escritor, pintor, médico e debuxante galego.


Naceu en Rianxo en 1880 e finou en Buenos Aires (Arxentina) en 1950.




EUGENIO MONTERO RÍOS



Foi político e xurista español. Naceu en Santiago de Compostela o 13 de novembro de 1832 e finou en Madrid o 12 de maio de 1914



EDUARDO VICENTI



Foi un político galego.
Naceu en A Coruña en 1857 e finou en Madrid en 1924



ALEXANDRE BÓVEDA




Foi político español de tendencia nacionalista galega.
Naceu o 7 de xuño de 1903 en Ourense.
Morreu en A Caeira (Poio) o 17 de agosto de 1936.



Nenos e nenas de 1º A



UN POUQUÍÑO DE HUMOR....

- Xaimito canto é 2 x 2?
- Empate.
- E canto é 2 x 1?
- Oferta.




- Xaimito, copiaches o exame de Pedro?
- Non.
- Si, porque Pedro escribiu na terceira pregunta "non o sei" e ti escribiches "eu tampouco".

- Xaimito, que planeta vai Despois de Marte?
- “Miércoles”.



- Xaimito, como se chama o animal que cambia de cor?
- Semáforo.

- Xaimito, cantos corazóns temos nós?
- Dous.
- A profesora responde estrañada:
- Dous?
- Sí, o seu e o meu.



OLA! SON BELUSIÑA.
 ESTE ANO PASEINO MOI BEN
 DURANTE O ENTROIDO E AÍNDA QUE
 EU NON POIDEN SAÍR DA
 BIBLIOTECA, ENTEREIME DE COUSAS
 QUE PASAN FÓRA DO COLE NESAS
 DATAS.




CONTÁRONME OS NENOS
 E AS NENAS DE 1ºB QUE A
 DESPEDIDA DO ENTROIDO
 NON SE FAI IGUAL EN
 TODOS OS LUGARES.
 VEREDÉS...

En Bueu, en Moaña e outros sitios de Galicia desfilan detrás dunha enorme SARDIÑA que levan á praia nun camión e van chorando porque a van queimar.



En Cangas fan o ENTERRO DO MOMO.
O Momo é o personaxe que representa ao carnaval en países como Brasil ou Colombia. Lévano encima dun coche e detrás vai a xente chorando.



O MECO é un moneco que representa a un personaxe de lenda ao que se lle bota a culpa de todo. Por iso cando acaba o carnaval hai que queimalo.



En Bueu queiman o PAXARO DO MAL AGOIRO que é un paxaro que da mala sorte. Lévano polas rúas de Bueu ata a praia e alí quéimano.



M A S S Ó

O día 10 de marzo viñeron ao cole dúas avoas e contáronnos moitas cousas de cando elas traballaban na fábrica:

- **Como enlataban o peixe.** Primeiro tiñan que limpalo ben. Enlataban moitos produtos: mexillóns, sardiñas, zamburiñas, bonito, anchoas,...

Algunhas veces había **accidentes** coas máquinas de enlatar. A unha señora pasoulle . Ela apurou moito para acabar pronto e poder ir á festa de Beluso. Deulle a un pedal que non podía tocar e a máquina pilloulle a man.

- A fábrica abrírona en **1883** e chámase "Massó" porque ese era o apelido da familia que a fundou. Unha familia que viña de Cataluña.



- Na fábrica traballaban entre 600 e 700 persoas. Levaban un uniforme azul ou branco e tamén levaban un pano ou unha gorra branca na cabeza.


- Aínda que traballaban moitas horas ao día non lles estaba permitido comer o bocadillo; pero elas, ás agachadas, comían igual e para avisar que viña o encargado tiñan un contrasinal, dicían: "**AGUA**".

- Para chamar á xente a traballar tocaban unha sirena moi potente que se escoitaba en Beluso e en Cela.



Foi unha charla moi interesante e aprendemos moitas cousas.

SABÍAS QUE ...?

Non hai dúas cebras que teñan as raias iguais. As raias sérvenlles para recoñecerse unhas ás outras.




O mosquito ten 47 dentes. Parécenche moitos?. Pois non é nada comparado cos do **peixe gato**: ten nada menos que **9.280 dentes**.



De todos os animais, só o chimpancé, o orangután e o gorila son capaces de recoñecerse cando se miran nun espello.



O animal máis grande do mundo é a balea azul. Pesa tanto coma ...
30 elefantes!.



2º PRIMARIA

OS TRABALINGUAS

Os trabalinguas son oracións ou textos breves, en calquera idioma, creados para que a súa pronuncia en voz alta sexa difícil. Con frecuencia son usados como exercicio para desenvolver unha boa pronunciación. Adoitan ser xogos de palabras que combinan sons parecidos, con repetición de rimas e dúas ou tres secuencias de sons.



*Debaixo dunha pipa tinta hai unha pita pinta;
cando a pipa tinta pinga, a pita pinta pia.*

*Se vou a Bueu nun bou, vou e
se non vou a Buen nun bou, non vou.*




*Pegha, megha, zafacegha, zafaghorda, escachapelada,
e xorda, por que criaches os teus peghos, meghos,
zafaceghos, zafaghordos, escachapelados e xordos?
Se eu non fose unha pegha, megha, zafacegha,
zafaghorda, escachapelada, e xorda os peghiños non
serían megghiños, zafaceghiños, zafaghordiños,
escachapeladiños e xordiños.*




*Sei un niño de caltatrepas con catro
caltatrepañas; cando as caltatrepas
templan, templan as caltatrepañas.*



*Cando contes contos, conta cantos
contos contas; porque si non contas
cantos contos contas, nunca sabes
cantos contos contas ji.*



*Tres tigres trigaban trigo,
tres tigres nun trival.
Que tigre trigaba máis?
Os tres igual.*



*Pepe Pecas pica papas cun pico,
Cun pico Pepe Pecas pica papas.*

*Abrin caixóns e collín cordóns
cordóns collín e caixóns abrin.*



*Cava o cabo na cova,
pero non acaba de cavar,
porque na cova non acaba
o cabo de traballar.*

*O ceo está emperexilacristalado,
quen o desempexilacristalará?
O desempexilacristalador
que o desempexilacristale,
bo desempexilacristalador será.*



*Quen pouca capa compra
pouca capa paga,
como pouca capa compro
pouca capa pago.*

ENTREVISTA A XOSÉ CESTAY ENCARGADO DA BILIOTECA ESCOLAR



Un grupo de alumnos de terceiro do Colexio de Beluso imos comezar una serie de entrevistas a membros da comunidade educativa do centro. Con esta intentaremos coñecer os gustos literarios e outros datos de interés do encargado da nosa biblioteca escolar Xosé Cestay.

CUESTIONARIO:

➤ *Recorda cal foi o primeiro libro que leu e lle impresionou?*

“O gato con botas”. Estaba troquelado coa figura de gato. Era moi fermoso e lino moitas veces. Regaláramo a miña avoa.

➤ *Que libro está lendo na actualidade?*

Un libro sobre bibliotecas escolares que se chama “Guía para bibliotecas escolares”.

➤ *Que tipo de lectura prefire?*

A Narrativa, as historias ben contadas. Tamén as que me axudan a facer mellor o meu traballo.

➤ *Cales son os seus autores favoritos?*

Manolo Rivas, en galego. Tamén Bernardo Atxaga. Gustoume moito Javier Cercas o autor de “Soldados de Salamina”.

➤ *Que necesidades ten a biblioteca?*

Traballar a educación documental: como teñen os alumnos que buscar a información, como investigar, como contar o que saben... Tamén temos que comprar algún libro electrónico. Os alumnos piden máis libros de Gerónimo Stilton.

Non dubidar que a correcta ubicación facilita a rápida localización.

➤ *De quen foi a idea de poñer a Belusiña como mascota da biblioteca?*

Xa estaba cando eu cheguei. Organizouse un concurso hai anos para elixir mascota e Belusiña foi a triunfadora.



➤ *Gústalle a nosa mascota?*

Encántame vela colgada no teito da biblioteca lendo os libros. Ademais anima a que algunhas persoas lean máis.



➤ *Como valora a idea de elixir a algúns alumnos como axudantes da biblioteca?*

É fundamental, pero como traballan moito tamén se cansan e imos ter que facerlle un agasallo polo seu esforzo.

➤ *Podería darnos algunha razón dos baixos índices de lectura en Galicia?*

Tradicionalmente a sociedade galega, moi ruralizada, dispoñía de pouco tempo de lecer, o mundo escolar non afondaba na realidade próxima e os libros parecían alleos.

Na actualidade os textos instrutivos (videoxogos, actividades en rede, ...) precisan máis reforzo comprensivo. A escola debe potenciar a lectura usando estratexias que se poidan manter no tempo: clubs de lectura, lecturas en familia, mochilas viaxeiras, uso de novas tecnoloxías ...

➤ *As novas tecnoloxías poñen en perigo o futuro do libro impreso?*

Creo que non, son complementarias. É certo que no futuro as novas tecnoloxías van cambiar, xa están a cambiando o xeito de acceder á lectura e á información.



➤ *O número de lectores, aumenta, que número aproximado?*

No presente curso, aumentaron. Deseñouse a hora de lectura diaria, facilitáronse os préstamos a través da aplicación "Meiga", dende a casa pódense comprobar os libros que temos na biblioteca ... Todo isto axudou a que se movan moitos libros, arredor de 80 préstamos á semana. Faltan por achegarse os lectores que se están iniciando no uso dos ordenadores. O gran esforzo debe ir na alfabetización da información e no uso correcto das novas posibilidades de lectores-escriutores (blog, redes sociais, ...)



➤ *Por último, que razón nos daría para animar aos alumnos do colexio á lectura?*


É o mellor xeito, a lectura, de descubrir mundos fascinantes, aventuras por lugares moi perigosos, atopar superheroes con máxicos poderes. Pode ser fantástica unha viaxe polos libros.

Grazas por contestar a todas as nosas preguntas. Esperamos que a biblioteca sexa cada vez máis importante no funcionamento do centro e desexámoslle a vostede moita sorte na función que desempeña.

Alba, Benito, Carlos, Lara, Lucía, María, Rebeca, Sergio 3º

O COUREL A TERRA DE UXÍO NOVONEYRA

UXÍO NOVONEYRA.






Vida.

Uxío Novoneyra naceu en Parada de Moreda, Courel o 19 de xaneiro de 1930, fillo dunha familia de labregos. Nos seus poemas, mostrou-nos como ninguén a extraordinaria beleza das paisaxes destas terras. Comezou a escribir poesía mentres estudaba bacharelato en Lugo. Logo trasladouse a Madrid para estudar Filosofía e Letras. En 1951 regresa a Galicia e inicia as súas publicacións en galego. En 1962 volve a Madrid e traballa en programas de radio e TV. Casou en 1973 con Elva Rei, con quen tivo tres fillos. En 1983 volve definitivamente a Santiago de Compostela, cidade na que exerce o seu cargo de presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, ata a súa morte en 1999.

Obra.

- *Abrojos.*
- *Os eidos*
- *Os eidos 2.*
- *Letania de Galicia e outros poemas.*
- *Poemas caligráficos.*
- *Os Eidos. Libro do Courel.*
- *Muller pra lonxe.*
- *Do Courel a Compostela 1956-1986*
- *O cubil de Xabarin .*
- *Tempo de elexía.*
- *Gorgorin e Cabezón.*
- *Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras.*
- *Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas.*
- *Dos soños teimosos Noitarenga .*
- *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarin.*
- *Arrodeos e desvios do Camiño de Santiago e outras rotas.*




Carlos

O COUREL



SITUACIÓN.




A Serra do Courel, atravesada polo río Lor é unha paraxe natural de extraordinaria beleza. Está situada ao sueste da provincia de Lugo e ten unha extensión de 21.020 hectáreas. Nela alternanse os profundos vales e os elevados cumes de fermosísimas montañas.

Esta serra está cruzada de Norte a Sur pola estrada que vai de Pedrafita do Cebreiro ata Quiroga. Tamén se pode acceder ao Courel desde a Pobra de Brollón, desde Samos e desde o Incio.

O municipio lucense de Folgoso do Courel, ocupa a maior parte da serra e

está composto polas parroquias de Esperante, Folgoso, Hórreos, Meiraos, Noceda, Sededa, Seoane, Vilamor e Visuña. Nos seus 193,4 km², aséntanse 50 núcleos de poboación, cuns 1298 habitantes. Linda polo Norte cos concellos de Samos e Pedrafita do Cebreiro, polo leste cos montes do Cebreiro, polo Sur co concello de Quiroga e polo Oeste cos de Samos e Pobra de Brollón.

Tamén os municipios de Quiroga, A Pobra do Brollón, O Incio, Samos, Triacastela e Pedrafita do Cebreiro na provincia de Lugo e Veiga de Valcarce, Barxas e Oencia en León, teñen algunhas aldeas e núcleos de poboación dentro da contorna da Serra.



Jose, Lara e María

PRINCIPAIS POBOACIÓNS.



A poboación do Courel está dispersa nunha gran cantidade de aldeas con moi poucos veciños. A densidade de poboación no concello de Courel é unha das mais baixas de Galicia, con 12,5 habitantes/Km². As explotacións forestais e de lousa son a fonte de ingresos máis importante dos seus habitantes. As principais poboacións e aldeas do termo municipal do Courel son:




ESPERANTE

San Pedro de Esperante .

Aldeas: Romeor - Romeor - Millares - Mostaz - O Carbedo - Liñariños - Campelo.

Santa María de Folgoso.

Aldeas: Sobredo - Ferreirós de Abaixo - Ferreirós de Arriba - Santa Eufemia - Eiriz - Valdomir - A Pendella - Touzón.



FOLGOSO

San Pedro de Hórreos.

Aldeas: Ferramulín.

Santa María de Meiraos .

Aldeas: Pedrafita - Paderne - Miraz - Vilasibil - O Mazo

San Pedro de Noceda.


Aldeas: Vilela - Teixeira .

San Silvestre de Seceda.

Aldeas: Cortes - Lousadela

San Juan de Seoane.

Aldeas: Piñeira - Moreda - Parada - Ferrería de Seoane - Ferrería Vella - Mercurín.



HORREOS

San Vicente de Vilamor.

Aldeas: O Carballedal - Mazo Santiago - Castro Portela - Froxán - A Campa - Vidallón - Vilar.

Santa Eufemia de Visuña.

Aldeas: Céramo - Reibarba - Cima de Vila.




MEIRAOS



SECEDA




SEOANE



VILAMOR




VISUÑA



NOCEDA


Carlos David Pastoriza e Rebeca

O RELEVO.




A serra do Courel esténdese aproximadamente nunha banda que vai desde Quiroga ata Pedrafita do Cebreiro e outros macizos montañosos como as serras do Piornal e Rañadoiro, ao norte; Oribio, Montes de Lúzara e A Trapa, ao oeste; e Birduedo, Os Cabalos e Cereixido, ao sur, conforman todo o relevo denominado O Courel.

Os seus cumes máis altos son Formigueiros e Pía Paxaro, montañas moi apropiadas para realizar rutas de sendeirismo e gozar da natureza non seu estado natural máis puro.




FORMIGUEIROS




PÍA PAXARO



MONTE FARO



RÍO SELMO



RÍO LOR

Desas elevadas montañas descendén numerosas canles fluviais entre os que destaca o Río Lor, que percorre toda a comarca desde o seu nacemento no Cebreiro ata a desembocadura no Río Sil. Todos os ríos da Serra do Courel son afluentes do Sil, pola súa marxe dereita. Ao longo de séculos foron erosionado as montañas e escavado profundos vales.


Son ríos libres de contaminación, polo que teñen excelentes condicións para a pesca, sobre todo da trouta. A serra do Courel comprende as concas dos ríos Selmo, Lor, Quiroga e Saldón, todos eles afluentes do río Sil.

O río **Selmo** fórmase na ladeira sur do Formigueiros. Os seus principais afluentes son: Visuña e Forgas.


O río **Lor** nace no Cebreiro e desemboca no río Sil. Os seus principais afluentes son: Pequeno, Lúzara e Bidueiros.

O río **Quiroga** nace na cara suroeste de Pía Páxaro. Os seus principais afluentes son: Ferreiriño, Carballido e Pacios.

O río **Saldón** nace na cara norte do Pico Aira Grande. Os seus principais afluentes son: Montouto, Rinán, Rugando, Fiais.



RÍO QUIROGA



RÍO SOLDÓN

Alba, Benito e Ismael

FAUNA.



O Courel foi e é unha gran reserva de animais, a pesar da desaparición de especies como o pita de monte, o oso pardo e o cervo común. A gran cantidade de ecosistemas diferentes que existen no Courel provocan que a diversidade de animais sexa moi ampla. Hoxe o lobo é o animal salvaxe emblemático do Courel. Tamén abonda o xabaril, que ten nas castañas o seu mellor alimentos. Raposos, teixugo, martas, corzos, xinetas, armiños... tamén teñen o seu sitio no Courel. Nas súas árbores viven aves coma o bufo real e nas rochas das penedas dos seus picos fai o seu niño a maxestosa aguia real, ademais do miñado e varias especies de aguiachos. Hai tamén cucos, perdices, merlos, pombas silvestres, andoriñas e bubelas. O clima do Courel favorece abundancia de réptiles coma cobras de auga, cobras lagarteiras, víboras e diversas especies de lagartos. Entre os insectos hai certas variedades características do Courel que conviven con vacalouras, bolboretas e escaravellos. En canto á fauna fluvial, destacan peixes coma troitas e as anguías; anfibios coma a píntega, o tritón ibérico, a ra patilonga, a ra vermella e diversas especies de sapos.



Abel, David Piñeiro e Sergio.

FLORA



Debido ás condicións climáticas e á diferenza de altura entre cumes e vales atopámonos ante a reserva vexetal máis importante de Galicia. Ás beiras das diversas canles fluviais, atopámonos as devesas, bosques de especies autóctonas. A paisaxe do Caurel está dominado polo monte baixo, ou matoqueira, e sobre todo polo bosque de castiñeiros (soutos). A capa vexetal do lugar, moi abundante e rica, aparece cuberta de carballos, aciñeiras, teixos, bidueiros, acivros, xestas, érbedos, piornos... Por debaixo dos 400 m. atopamos especies arbóreas claramente adaptadas á sequidade como aciñeiras e sobreiras dos que aínda se aproveita a súa cortiza e outros arbustos coma os érbedos, diferentes tipos de xaras (xestas, carpazás) e lavanda. Ata os 1000 m. aparece un tipo de carballo, o rebolo cerquiño e os breixos. Por enriba desta altitude aparecen os carballos, carbas, haxas e bidueiros.

A riqueza vexetal do Caurel ben vale todos os nosos esforzos para preservala e poder seguir así gozando dela.



Ángel, Héctor e Lucía

OS CAMIÑOS DE SANTIAGO EN GALICIA

As alumnas e alumnos de 4º de primaria durante estes primeiros meses do ano 2010, estivemos a realizar unha TAREFA á que lle chamamos “Os camiños de Santiago en Galicia”, aproveitando a celebración, este ano, do Xacobeo 2010.

Os obxectivos que queriamos conseguir con este traballo eran:

- Buscar e manexar diferente información, selecciónala, organizala e presentala aos compañeiros por escrito e de forma oral
- Aprender a traballar en equipo
- Coñecer a organización da nosa Comunidade Autónoma
- Emprego dos mapas – saber situar
- Familiarizarse cos principais camiños, e cos nomes de vilas, pobos e cidades por onde transcorren

Esta actividade levámola a cabo en GRUPOS COOPERATIVOS.

O obxectivo principal destes grupos é que os alumnos/-as cooperen para aprender. Todos deben participar coa mesma intensidade, aportando información segundo o rol que cada un ten asignado no grupo ao tempo que se beneficia do traballo dos demais.

Fathman e Kessler definían a aprendizaxe cooperativa como “Traballo en grupo que se estrutura coidadosamente para que todos os estudantes interactúen, intercambien información e poidan ser avaliados de forma individual polo seu traballo”.

A aprendizaxe cooperativa:

- Favorece o intercambio de puntos de vista
- Responsabiliza ao alumno
- Repercute nos planos cognitivo, afectivo e social
- Propicia a participación activa

Estas son algunhas das conclusións ás que chegamos :



ONDE NOS ATOPAMOS?

Galicia está situada no continente europeo. Un continente é cada unha das seis grandes partes en que se divide a Terra. Os continentes son: Europa, Asia, África, América, Oceanía e Antártida.

Galicia está rodeada por un océano chamado Atlántico. Un océano é un conxunto de grandes mares que cobren de auga aproximadamente tres cuartas partes da Terra. Os océanos son: Atlántico, Pacífico, Índico, Ártico ou Boreal e Antártico ou Austral.

O país no que se sitúa Galicia é España. Un país é un territorio separado doutros por unhas fronteiras, forma unha unidade política e de goberno, e que pode ter unha ou varias culturas, linguas e relixións. España ten 17 Comunidades Autónomas. Unha das Comunidades Autónomas é Galicia. As Comunidades Autónomas son diferentes pero comparten as leis e as institucións do Estado.

A capital da Comunidade Autónoma de Galicia é Santiago de Compostela.

Hai dúas Cidades Autónomas que pertencen a España: Ceuta e Melilla. Encóntanse situadas ao norte de África e non forman parte de ningunha Comunidade Autónoma.

Galicia divídese en catro provincias que son: Pontevedra, A Coruña, Lugo, e Ourense.

Unha provincia é un territorio maior ca unha comarca e está formada por moitos municipios.

Ana, David e Tania

Os alumnos/-as de 4º de primaria que vimos ao colexio de Beluso vivimos no Morrazo. Beluso está cerca de Bueu que é o noso concello. Os outros concellos do Morrazo son: Cangas, Moaña e Marín. O océano que baña as nosas costas é o Océano Atlántico. Un océano é un conxunto de grandes mares que cobren de auga aproximadamente tres cuartas partes da Terra. Os océanos son: Océano Atlántico, Océano Pacífico, Océano Índico, Océano Ártico e Océano Antártico.

Galicia está no continente europeo. Un continente é cada unha das grandes extensións de terra separadas polos océanos. Os continentes son: Europa, Asia, África, América, Oceanía e Antártida.

España é un país. Un país é un territorio con unha unidade xeográfica concreta en que vive unha comunidade humana que posúe unha cultura, unha historia, unha lingua ou unha relixión propias. España ten 17 Comunidades Autónomas: Galicia, Principado de Asturias, Cantabria, País Vasco, Comunidade Foral de Navarra, Aragón, Cataluña, Castela e León, Comunidade de Madrid, Castela a Mancha, Extremadura, Andalucía, Rexión de Murcia, Comunidade Valenciana, A Rioxa, Canarias e Illas Baleares. Ceuta e Melilla son as Cidades Autónomas.

As provincias da nosa Comunidade son: A Coruña, Lugo, Pontevedra e Ourense.

A capital da Comunidade Autónoma Galega é Santiago de Compostela.

Sabela, André e Malena

OS CAMIÑOS**RUTA DO MAR DE AROUSA E RÍO ULLA**

Esta ruta marítimo-fluvial pola ría de Arousa e o río Ulla conmemora a chegada a Galicia, por mar, do corpo do Apóstolo Santiago o Maior, tras o seu martirio en Xerusalén no ano 44.

O itinerario comeza na entrada da ría de Arousa, deixando a estribor as illas de Ons e Onza.

A ruta permite albiscar a illa de Sálvora e pasa fronte a Sanxenxo, Ribeira e Pobra do Caramiñal. Prosegue pasando fronte ao Grove, a Illa da Toxa, Meaño e Cambados.

A Illa de Arousa está encravada no medio do mar de Arousa. Logo avánzase rumbo a Vilanova e Vilagarcía de Arousa e encamiñase cara a desembocadura do Río Ulla.

O tramo fluvial discorre entre os concellos de Valga e Dodro ata chegar a Pontecesures, onde o río deixa de ser navegable. Dende Pontecesures continúaase a Padrón, onde se une co Camiño Portugués para chegar a Santiago.

Raquel, Desiré e Miguel

CAMIÑO DO SUESTE-VÍA DA PRATA

É o camiño xacobeo galego de maior percorrido. Pasa por terras das provincias de Ourense, Pontevedra e A Coruña.

O Camiño do Sueste é unha prolongación da calzada romana chamada Vía da Prata, que unía Mérida con Astorga.

Entra en Galicia na provincia de Ourense polo porto da Canda , continúa pola vila de A Gudiña e pasa por diferentes concellos e lugares como Vendas da Barreira, Verín, Monterrei, Trasmiras, Laza, Xinzo de Limia, Allariz, Ourense, Cea, Dozón, Silleda. O último tramo deste camiño transcorre por terras de A Estrada, Vedra, Boqueixón e Santiago.

Violeta e Sara Álvarez

O CAMIÑO INGLÉS

Os puntos de partida das dúas alternativas do Camiño Inglés son A Coruña e Ferrol.

A ruta A Coruña-Santiago conta con 74 km de recorrido e o tramo Ferrol-Santiago suman 118 km.

Partindo de Ferrol, o camiño continúa por Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Betanzos e Bruma no municipio de Mesía. E partindo de A Coruña chega ao municipio de Cambre e a Bruma. Éntrase no municipio de Ordes, chégase a Sigüeiro e Santiago.

José Ramón e Marta

O CAMIÑO FRANCÉS

É o itinerario xacobeo coa maior tradición histórica e o máis recoñecido internacionalmente.

O Camiño Francés entra en Galicia, dende o Bierzo. Ascende ata o porto de montaña de O Cebreiro (1.300m), na provincia de Lugo. Un quilómetro antes deste lugar un monumento anuncia a entrada da ruta en terras galegas. Restan 152 quilómetros de camiño para chegar a Santiago de Compostela.

Dende O Cebreiro chegamos a Triacastela, Sarria, Samos, Paradela, Portomarín, Palas de Rei, Melide, Arzúa, O Pino e Santiago de Compostela.

André e Sabela

O CAMIÑO PORTUGUÉS

A ruta nace nas beiras do río Miño, na cidade de Tui. Tui preséntase coma un punto de arranque do Camiño Portugués en Galicia. Despois O Porriño e Redondela. Á saída de Redondela, pasando pola ponte do ferrocarril, o camiño introdúcese nun bosque. Pasando Redondela chégase a Pontevedra. De Pontevedra a Padrón pasando por Caldas de Reis. En Padrón o peregrino encamiñase hacia A Escravitude seguindo un tramo de tres quilómetros. Despois dun ascenso deixase atrás o Milladoiro intuindo xa as torres da catedral. O camiño cruza unha ponte sobre o río Sar e alcánzase o barrio de A Choupana.

Este camiño ten 6 etapas: Tui-O Porriño, O Porriño-Redondela, Redondela-Pontevedra, Pontevedra-Caldas de Reis, Caldas de Reis-Padrón e Padrón-Santiago.

Sara Sotelo e Christian Piñeiro

CAMIÑO DO NORTE

Os peregrinos unha vez chegados a Castropol tiñan que embarcarse para cruzar a ría de Ribadeo ou bordeaban a súa marxe dereita ata a ponte de Santiago de Abres e así pasaban a terras galegas. Na actualidade a ponte dos Santos, entre Asturias e Ribadeo, simplifican esta entrada.

O tramo galego desta ruta está actualmente marcado ao longo dos seus 170 quilómetros entre Ribadeo e Santiago.

A vila de Ribadeo, enclave turístico de importancia e capital municipal, é o punto de arranque do Camiño do Norte na súa entrada a Galicia. Ribadeo encóntrase empolicada sobre unha atalaia natural que domina a ría, e móstrase como porta de entrada da ruta de peregrinación máis setentrional que serve de enlace entre os santuarios de Oviedo e Santiago.

As 10 etapas do camiño transcorren entre Lourenzá, Ribadeo, Mondoñedo, Gontán, Vilalba, Baamonde, Miraz, Sobrado, Arzúa, O Pedrouzo e Santiago.

Malena e Cristian Gómez

O CAMIÑO PRIMITIVO

O Camiño Primitivo empeza no Porto do Acebo, que é un fermoso e difícil porto de montaña. Un dos itinerarios conduce directamente a Fonsagrada que é unha capital municipal de comarca. Dende Montouto o camiño continúa por Paradavella, fermosa localidade que conserva gran parte do seu aspecto antigo. Despois pasa polo Cádavo que é a capital do municipio de Baleira. Tamén pasa por Vilabade, onde unha desaparecida comunidade franciscana, fundada en 1457, atendía aos peregrinos. De Vilabade pasa a Castroverde que ten unha igrexa dedicada a Santiago.

O Camiño Primitivo pasa pola cidade de Lugo, cidade de orixe romana.

O Camiño Primitivo xúntase co Camiño Francés en Melide, unha localidade considerada o centro xeográfico de Galicia. Segue por Arzúa, vila famosa polos seus queixos da comarca. A continuación chégase a Arca que é a capital do municipio do Pino e a Lavacolla, San Marcos e finalmente chégase a Santiago. Éntrase pola parte urbana da cidade, o barrio de San Lázaro, convertido nunha zona de servizos na que se sitúa o Palacio de Congresos e Exposición.

Tania, David e Ana



CAMIÑO DE FISTERRA-MUXÍA

Despois de visitar a Catedral de Santiago pártese hacia o Camiño de Fisterra-Muxía dende a Praza do Obradoiro, o espacio máis emblemático da cidade, e meta do resto dos camiños.

A Praza do Obradoiro abandónase pasando entre o Pazo de Raxoi, o Hostal dos Reis Católicos- antigo hospital real. O camiño irá atravesando pequenos núcleos rurais, bosques e outeiros.

Dende Santiago de Compostela a Negreira pasamos polo municipio de Ames e despois por Ponte Maceira. Negreira é a capital da comarca. Dende Negreira a aldea chamada Hospital pasamos por Portocamiño e Olveiroa. Dende Hospital a Fisterra polos concellos de Cee e Corcubiión ata chegar a Fisterra. Na variante de Muxía, dende Fisterra a Muxía pasamos por Lires e tamén polo concello de Dumbria dende Hospital a Muxía.

Irene e Rubén



Para ter máis información podemos ver en internet a páxina www.xacobeo.es e tamén preguntar nas oficinas de turismo da Xunta de Galicia.


DE MAIOR QUERO SER

ACTRIZ

É a persoa que interpreta, representa ou encarna un dos personaxes dunha obra escénica, cinematográfica ou televisiva. Os novos estudos de Arte Dramática derivados da LOXSE xa están implantados, son de nivel superior universitario. Accédese por medio de Bacharelato e a selectividade, ademais dunha proba específica. Comprende un só



Grao superior de duración variable. A duración normal dos estudos de Arte Dramático é de 4 cursos.



Ao rematar os estudos obtense o Título Superior de Arte Dramático en interpretación, equivalente a licenciado universitario.

Os centros recoñecidos de Arte Dramático son Tarragona e Málaga. Outras escolas profesionais de teatro atópanse en Sevilla, Zaragoza, etc.


Desexaría ser actriz porque gústame viaxar, interpretar varios papeis, chamar a atención...

Lorena

BIÓLOGO

O licenciado en Bioloxía é un experto que estuda a vida en todos as súas manifestacións, as leis que as rixen e os ecosistemas. O seu traballo céntrase nas actividades de investigación, xestión ou produción en campos coma a zooloxía, a botánica, a microbioloxía . . .

Para acceder a esta carreira necesítase o Bacharelato Experimental ou da LOXSE e a Selectividade. A duración dos estudos de Bioloxía son de 4 ou 5 cursos según as universidades. Hai varias especialidades : Bioloxía animal , Bioloxía vexetal , Bioloxía mariña.



Os centros de Galicia para realizar estes estudos atópanse en: Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela.

O biólogo pode traballar no ensino, na investigación, representación comercial de empresas do sector, laboratorios, industrias alimentarias, sanitarias, control de augas, aproveitamento do solo, pensos, conservas, explotacións agrarias . . .

Gustaríamos ser biólogos porque é interesante investigar os seres vivos e saber os seus segredos.

Serafín e Yerón

PROFESORA DE DANZA

Os estudos de danza da LOXSE constan de tres niveis:

-Grao elemental: 4 cursos. Só se require ter a idade apropiada e superar unha proba de aptitude musical. A acreditación final obtida é un Certificado de Estudos.



-Grao medio: 6 cursos (divididos en tres ciclos de 2 cursos cada un). Só se require superar unha proba específica calquera que sexa a formación anterior. A acreditación final é un título Profesional e o título de Bacharelato.

-Grao superior: A duración determínase en función das características das ensinanzas. Necesítanse unha proba específica distinta para os que non posúan as titulacións. A acreditación final obtida é o título Superior; equivalente a todos os efectos a unha licenciatura universitaria

Especialidades: Danza Clásica, Danza Española, e Danza Contemporánea.

O centro máis cercano é o da A Coruña. Tamén existen outros como: o de Barcelona, Madrid, Murcia, etc.

A min gústame porque dende pequeniña gustoume bailar e quero que os demais nenos e nenas aprendan a bailar . (Andrea)

A min gústame porque dende os 2 anos encántame bailar. Gústame bailar sobre todo música pop e música "fanky". (Clara)

Clara e Andrea

PERIODISTA

O licenciado en Periodismo é un profesional da información, da súa elaboración e na xestión e difusión da actividade informativa periodística nos seus diversos campos e temas, e nos distintos medios de comunicación.

Para realizar os estudos é necesario ter Bacharelato Experimental ou da LOXSE e Selectividade. A duración dos estudos de periodista é de 4 ou 5 cursos (dous ciclos).

O centro máis cercano para realizar os estudos de periodista é o de Santiago de Compostela. Co título de periodista pódese traballar en periódicos, revistas, boletíns comerciais e de empresas, emisoras de radio e televisión.

Gustaríame de maior traballar de periodista porque gústame entrevistar a xente e facer reportaxes de todo tipo.



Alejandro

ECONOMISTA

É un profesional das Ciencias Sociais especializado nos aspectos teóricos, básicos e aplicados da economía e nas técnicas de análises económicos.

Para acceder aos estudos de licenciado en Economía precísase o Bacharelato Experimental e a Selectividade.

A duración dos estudos é de 4 ou 5 cursos en 2 ciclos.

Na maioría dos novos plans é de 4 cursos.

Gustárame facer a especialidade de Economía Política, porque eu quero adicarme a Política.

O centro máis cercano para realizar estes estudos é en Vigo e tamén en Santiago de Compostela.

Esta profesión ten moitas saídas profesionais porque existen economistas en todos os sectores de actividades (Administración Pública, Xestión, Asesoría, Banca, Seguros ...)

Elexín este traballo porque a min gústame a política pero sei que con estes estudos vou estar mellor informado.



Dani

VETERINARIO

O veterinario é un experto en animais enfermos, en enfermidades de transmisión animal, pero tamén na prevención e coidado dos animais sans, así coma na hixiene e tecnoloxía da alimentación humana de orixe animal.



Para acceder aos estudos de Veterinaria precísase o Bacharelato Experimental ou a LOXSE e Selectividade.

A duración dos estudos é de 5 cursos divididos en dous ciclos.

O centro máis cercano para realizar os estudos é en Lugo.

Gustárame facer a especialidade de Medicina e Sanidade Animal e despois montar unha clínica privada, aínda que hai


moitas máis saídas profesionais.

Gústame este traballo porque os animais encántame e tamén gústame curalos e salvarlles a vida.

Sergio

OFICIAL MILITAR

Os estudos militares son da competencia do Ministerio de Defensa, pero en coordinación deste organismo co Ministerio de Educación e Ciencia programáronse os estudos como de nivel universitarios de forma que os graduados das Academias Xerais nos diversos ciclos teñen acceso á universidade.



Os estudos como de nivel universitarios de forma que os graduados das Academias Xerais nos diversos ciclos teñen acceso á universidade.

Hai tres Academias Xerais de formación de oficiais, unha para cada un dos exércitos: Academia Xeral Militar do Exército de Terra en Zaragoza; Academia Xeral do Aire en San Javier (Murcia) e a Escola Naval Militar da Armada en Marín (Pontevedra).

Para acceder aos estudos de oficial militar precísase ter o título de Bacharelato e superar unha proba de acceso.

A min gustaríame ser oficial da Armada, polo tanto tería que facer os estudos na Escola Naval Militar de Marín, porque encontro atraente a vida militar.

Arón

ORTODONCISTA

É un odontólogo especialista en ortodoncia, que é a parte da odontoloxía que se ocupa de correxir os defectos e as irregularidades de posición dos dentes.

Para realizar os estudos de ortodoncista hai que ter o título de Bacharelato Experimental ou da LOXSE e Selectividade.

A duración dos estudos é de 5 cursos en 2 ciclos. O primeiro ciclo é común para todas as especialidades de odontoloxía. No segundo ciclo xa elegimos a especialidade, neste caso a ortodoncia.

O centro máis cercano para realizar os estudos de ortodoncista é en Santiago de Compostela.

Co título de ortodoncista podes montar a túa propia clínica.

Gústame este traballo porque me encanta poñer aparatos.



Carlota

PATRÓN DE LITORAL

O Patrón de Litoral é unha persoa que manda e dirixe unha embarcación menor preto da costa.

As condicións necesarias para acceder a esta titulación son as seguintes:

- 1º.-Ter cumpridos os dezaseis anos.
- 2º.-Saber nadar.
- 3º.-Ter o Certificado de Estudos Primarios ou equivalente.
- 4º.-Posuír o Certificado de Competencia de Mariñeiro.



A duración do curso é de 800 horas, das cales 450 adícanse á sección de ponte e as 350 restantes na sección de máquinas.

O centro máis cercano para á obtención desta titulación é a Escola Náutico-Pesqueira de Bueu.

Elexín esta profesión porque meu pai, meus avós, meus bisavós, e meus tataravós traballaron no mar e a min gústame moito.

Noel

PILOTO DE AVIÓN

É unha persoa que dirixe unha aeronave.

Para realizar os estudos de piloto comercial de avión necesítase o Bacharelato LOXSE ou equivalente. O título de Piloto de Transporte de Liña Aérea é equivalente ao título oficial de Diplomado Universitario.



A titulación de piloto esixe previamente un recoñecemento de aptitude física nunha serie de centros autorizados por Aviación Civil, por exemplo en: CIMA (Madrid), ou na Clínica Quirón (Barcelona); ademais de superar os coñecementos teóricos propios de cada especialidade e un determinado número de horas de voo.

O centro máis cercano para realizar os estudos de piloto é na Aeroflota do Nordeste (Aeroporto de A Coruña).

Advertencia: Os estudos son moi caros.

Elexín esta profesión porque gústame moito viaxar e coñecer países de todo o mundo.

Anxo

MÉDICA CIRURXIÁ

E a médica que ten por obxecto tratar as doenzas por medio de operacións quirúrxicas.

Para acceder aos estudos de medicina (1º ciclo) hai que ter o título de bacharelato experimental ou da LOXSE e a selectividade (normalmente precísase unha nota alta).

O 1º ciclo ten unha duración de 6 cursos, divididos en dous ciclos de 3 cursos cada un.

Para obter o título de médico especialista (en ciruxía) requírese o título de licenciado en Medicina e seguir os estudos profesionais, que comprenden :

Superar un exame-oposición para acceder a MIR (Médico Interno Residente), e continuar a formación, preferiblemente, nun centro hospitalario, nun mínimo 2 anos.


O centro máis próximo para realizar os estudos do 1º ciclo é en Santiago de Compostela.



Unha vez obtido o título pódese traballar na Sanidade Privada ou, a través dunha oposición, nun centro público.

Gustaríame traballar de médica cirurxiá para que a xente que se atope doente se cure e non lle pase nada.

Nerea




O día 23 de abril celebramos o Día do Libro, esta data celébrase dende 1996 conmemorando a morte de tres grandes escritores: Shakespeare, Miguel de Cervantes e Garcilaso de la Vega.



Shakespeare



Cervantes



Garcilaso


Este ano no noso cole fixémoslle unha homenaxe, nesta data, a Miguel Hernández e, con motivo do centenario do seu nacemento, estivemos investigando sobre el.



Miguel Hernández Gilabert naceu o 30 de outubro de 1910 en Orihuela (Alacante), fillo de Miguel Hernández Sánchez e Concepción Gilabert Giner, tivo tres irmáns: Vicente, Elvira e Encarnación.

Por problemas económicos, e para axudar a súa familia, en 1925 deixa os estudos e dedícase a coidar o gando, as cabuxas. Aproveita o tempo de pastoreo para ler e escribir poesía polo que se di que é autodidacta.

No ano 1931 viaxou a Madrid e relacionase con poetas como Alberti, Rosales, Aleixandre e Neruda.



Alberti

No ano 1936 estala a Guerra Civil e Miguel Hernández alistase no bando republicano.

Faixe mozo de Josefina Manresa, coa que casa en Marzo de 1937. Ten dous fillos, Manuel Ramón que naceu en decembro de 1937 e morreu en outubro de 1938, e Manuel Miguel que naceu en 1939.



Josefina Manresa

O 30 de Xaneiro de 1940 o condenan a morte, os seus amigos interceden por el, e se lle conmuta a pena pola de 30 anos de reclusión. Morre o 28 de marzo de 1942 de tuberculose en Alacante, aos 31 anos.

Miguel Hernández pertence a Xeración do 27, xunto con outros escritores como Federico García Lorca.




A súa obra.

- Perito en lunas (1933)
- El rayo que no cesa. (1936)
- Seis poemas inéditos y nueve más.
- Viento del pueblo. Poesía en la guerra.
- Quien te ha visto y te ve y la sombra de lo que eras.
- El labrador de más aire.
- Teatro en la guerra.

A Miguel Hernández lle chaman “el poeta del pueblo”.

Alumnos e alumnas de 5º B

LETRAS GALEGAS 2010




Uxío Novoneyra naceu o 19 de xaneiro de **1930** na aldea de Parada, en plena Serra do Courel, Lugo; e finou en Santiago de Compostela, o 30 de outubro de **1999**, sendo enterrado en Lugo, no cemiterio municipal de San Froilán.

Eugenio Novo Neira, como aparece no rexistro civil, é o poeta e escritor galego ao que se lle dedica este ano 2010 o **Día das Letras Galegas**.

Era fillo dunha familia de labregos acomodada e pasa a súa nenez e mocidade neste marco xeográfico courelán galego, que segue conservando nese momento as súas formas tradicionais de vida, as cales deixarán unha forte pegada no futuro escritor.

O Courel foi o principal referente físico para os seus versos, considerados dos mellores no tocante á paisaxística, ofrecendo unha anovadora visión da paisaxe dentro da Literatura Galega




Uxío estudou o Bacharelato en Lugo dende 1945 ata 1948, onde fixo amizade con outros escritores como foi Manuel María, de parecida orixe social. Xunto con el, frecuentou o trato de intelectuais da xeración anterior, como Luís Pimentel -mestre de poesía para os dous-, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro. Tamén coñece nesta época a María Mariño Carou coa que iniciará unha moi boa relación persoal e literaria, que durará ata a morte dela.

Ós 19 anos Uxío trasladouse a Madrid, onde ficou ata 1951 e matriculouse como ouvinte na Facultade de Filosofía e Letras. Durante este período adícase a formación cultural dun xeito autodidacta. Daquela, dá o seu primeiro recital poético nas aulas universitarias, iniciando así a que será a súa recoñecida actividade como "decidor" de poesía.

Voltou a Galicia para facer o servizo militar, coincidiu de novo con Manuel María. Rematado o período de instrución, foron destinados a Santiago, onde seguiron tendo contacto e tratando a Maside, Piñeiro e Otero Pedrayo, os intelectuais e artistas máis influentes na súa formación, aos que debe a decisión adoptada de escribir en galego, lingua que xamais deixaría.

No ano 1955, tras o repouso gardado a causa dunha pleuresía, deu a coñecer *Os eidos*, poemario escrito entre 1952 e 1954 con que comeza un ciclo poético adicado ao Courel, que retomará con *Os eidos 2. Letanía de Galicia e outros poemas* (1974), ilustrada con debuxos de Laxeiro e dedicada aos seus pais e María Mariño.




Entre 1962 e 1966 o escritor vive en Madrid. Traballa na radio e na televisión, en programas relacionados coa poesía, asiste ás tertulias e relaciónase con artistas plásticos.

No 1973 casa con Elba Rei a quen coñecera no 1968. A parella terá logo tres fillos, Branca- Petra, Uxío e Arturo.

Publica *Poemas caligráficos* en 1979, nunha edición prologada e ilustrada por Reimundo Patiño, con textos vinculados ao mundo pictórico organizado arredor do grupo Brais Pinto.

Ao comezo da década dos 80, o poeta principia a recompilar e depurar o seu ciclo courelán, dando a lume *Os eidos. Libro do Courel* (1981), que terá diversas reedicións. No ano 1983 establécese definitivamente en Santiago, onde exerceu como presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, até a súa morte no ano 1999.



Na segunda metade desa década no 1987 reuniu en *Muller pra lonxe* (1987) os poemas apaixonais e amorosos e dous anos máis tarde, en *Do Courel a Compostela 1956-1986*, os de temática política. Logo de varios anos de silencio editorial, editou *Poemas de doada certeza i este brillo premido entre as pálpebras* (1994) con gravados de Carlos Crego, e caligrafías do propio autor. En 1998 publicou *Betanzos: Poema dos Caneiros e Estampas*.


Neste último período o poeta segue sacando á luz diversas mostras creativas en distintos medios, como as "*Lendas de a cavalo*" pertencentes á obra inédita que sairía á rúa uns días despois do seu pasamento, baixo o título *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outras rotas* (1999).

SE O PASADO É PASADO

Se o pasado é pasado
i o presente é o urgente
por qué inda busca a xente
aquil soño clausurado?

Vido visto ben Santiago
i esa cuestión non resolta
fago camiño de volta
camiño de volta fago.

Camiño de volta fago
volvo do cabo do Mundo.
Terra sólo en ti me fundo:
é a certeza que trago.



Gravado de Uxío Novoneyra


POEMAS

PORTA XORDA

*PORTA xorda cravada a forza que o pulso sabe!
Dente puño teso a premer valeiro!
Cando volva o vento
Serás ti Libertá ou soamente abalar de árbores?*

*Rota a corda que tempera a forza do sino
Un pobo enteiro rébrese no tempo
Folga Xeral contra da Historia.*

*Compría agouxarse en calquer ichó
Máis seguínfora a xistra
Velando norde estrela longo brillo atuído
Alguén chama. Alguén agarda
Corazón tente
Sostén a gran nembranza.*



PRANTO POLO CHE
ELEXÍA INTANTANIA A E. GUEVARA

*As aves da tua morte foron os muricegos que non vira
en todo o ano
Por íles soupen que é certo.
É certo! é certo! é certo! é certo! é certo!*

*As palazadas por dúbida entre certeza quer vir o pranto
como o peso de prumas inda quentes dos derradeiros pa-
xariños mortos
de tódalas anduriñas que cairon ó irse.*

*Como os homiños morren os éroes
non se funden Os Andes nin nada.
A mesma door xa afroxa a gorxa ó decorrer polo pranto baixiño
E nin inda agora nin pra ti teño outra voz.*



LETANÍA DE GALICIA



*GALICIA digo eu ún di GALICIA
GALICIA decimos todos GALICIA
hastra os que calan din GALICIA
e saben sabemos*

*GALICIA da door chora á forza
GALICIA da tristura triste á forza
GALICIA do silencio calada á forza
GALICIA da fame emigrante á forza
GALICIA vendada cega á forza
GALICIA tapeada xorda á forza
GALICIA atrelada queda á forza*



*libre pra servir libre pra servir
libre pra non ser libre pra non ser
libre pra morrer libre pra morrer
libre pra fuxir libre pra fuxir*

*GALICIA labrega GALICIA nosa
GALICIA mariñeira GALICIA nosa
GALICIA obreira GALICIA nosa
GALICIA irmandiña
GALICIA viva inda*



*recóllete da TERRA estás mui fonda
recóllete do PUEBLO estás nel tola
recóllete da HISTORIA estás borrosa*

*recóllete i érgote no verbo enteiro
no verbo verdadeiro que falo o pueblo
recóllete pros novos que vein con forza
pros que inda non marcou malla da argola
pros que saben que ti podes ser outra cousa
pros que saben que o home pode ser outra cousa
sabemos que ti podes ser outra cousa
sabemos que o home pode ser outra cousa.*



PASADAS TÓDALAS FRANCIAS

*PASADAS tódalas Francias
por Ocitania ou Gascaña
ou de Prís a Iruña
xa deluídas distancias.
A Aragón por Cataluña
ou polo Norte por Son.
Eu pasádalas Navaarras
as cadeas e as barras.
Pasados León e Castela
por castela a León
Eu pasado Monte Irago
e xa en Lingua de Galicia
Ponferrada e Vilafrancia
deixando a chaira estanca
enas mesmas portas dela.
O Valcarre e sen pergicia
as penas de garamela
apeitar para o Cabreiro
polo mercado carreiro
que a neve volve vago.
Encar o poro incerto
o longo cerengo aberto.
A un lado i outro del
todo o horizonte en vela
os Ancares i o Caurel.*

*Pasada Triacastela
do Iribio as faldas fago.
E por Samos Sarria a Lugo.
Oh Lugo a ti me adugo
e solo por ti me arredo
que ben mereces desandes!
Ver a Ponte a antiga vía
a Muralla a Catedral
de Dona Santa María
o Coro e o Grial.
E ver fincadas rezar
coma co antigo medo
poñer a súa alma núa
didiante dos Ollos Grandes.
E despois de rodear e de estar
que non se fai o Camiño
solo para o rematar
cruza e debruza no Miño;
Portomarín sulo lago.
Palas Melide Arzúa.
E logo xa Compostela
/Monxoi! Eoi! Ei Santiago!
e párame á vista dela
mirar como eu fago.*



LIBERTÄ CHAMAS NOS OLLOS TRISTES

*LIBRETÄ chamamos nos ollos tristes nas cras do METRO
nos que xa perderon o futuro e ganan o pan con sobresalto
na gran cidade nos tesos cumes i en todo o silencio preguntado.*

*álente os xóvenes
i os que saben da morte e xuntan inseguranza e desamparo.
Cando vexo un neno penso en ti
e si oio un bruído sin nome coído que ti chegas i acude todo o
sangre.*

Todo bruído sin nome é un agoiro.

XEOGRAFÍA DO CAUREL NA POESÍA DE UXÍO NOVONEYRA.



*Hein de ir o Pía Páxaro i a Boca do Faro
deitarme na Campa da Lucenza nun claro.
Hein de ir á Devesa da Rogueira i a donís
ó Rebolo á Pinza i ó Chao dos Carris.
Hein de ir a Lousada i a Pacios do Señor
a Santalla a Veiga de forcas i a Fonlor.
Hein de ir ó Cebreiro pasar por Liñares
rubir ó Iribioa Cervantes i a Ancares.
Hein de ir a Cido i a Castro de Brío
baixar i andar pola aurela do río.
Hein de ir a Ceralo cruzalo Faro i entón
debrocar pra baixo cara Oéncia e León
Hein de ir a Vales i a Pena da Areixa
i a un eido solo onde ninguén me vexa.*

FAUNA DO CAUREL NA POESIA DE UXÍO NOVONEYRA



*“Cousos dos lobos!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha de ir.”*



*“Aturula a coruxa e canta o cuco
medindo o tempo quedo que se para no cor e tornándose
contra ún ven cravarse no sitio onde máis se sinte...”*



*“Fontiñas roxas e brancas
dos corzos i as aigas
i o camiñante que pasa!”*



FLORA DO CAUREL NA POESÍA DE UXÍO NOVONEYRA



*Fentos secos do Inverno!
Fainteiras do Vai Arcón e Fontela!
Manchas de tempo
esperdigadas aquí i aló pola serra!*

*Xestas froridas da Sítima!
Virtas de xesta piornal!
Terra probe sequiza
de penedo ¡erba-chá!*




*CARQUEXAS uces e penas!
camiños da serra aberta
pra lonxes terras de serras!*

*BIDUEIROS cimeiros!
Pena das Augas!
Xardois teixos
Rebolos tocos faias derrubadas!*



Continentes y Océanos



Vertical

1. El continente donde se encuentran elefantes y junglas.
2. El único continente que también es un país.
3. El océano que se encuentra debajo de la respuesta de la pregunta 8 horizontal
4. El océano más frío.
5. Es más pequeño que un océano pero también es de agua salada.
9. Parte del Continente Americano donde se encuentran Brazil y Argentina.
11. Parte del Continente Americano donde se encuentran Canadá y México.

Horizontal


1. La Florida y Nueva York están cerca de este océano.
6. El continente donde se encuentran Londres y Paris
7. El océano más grande del mundo.
8. El continente más grande del mundo.
10. El continente más frío.




PASATEMPOS


ATOPA OS SEGUINTES LUGARES DE BELUSO E COLOCAOS NA ENCRUZILLADA DE ABAIXO: BON, CABALO, SAR, A ROSA, COSTA DE FIGUEIRÓN, RUANOVA, PRAIA DE BELUSO, MONTEMOGOS E ACHADIZA.

E	C	Z	Y	X	Z	E	J	Q	K	N	Q	A	J	F	P
Z	Q	S	O	G	O	M	E	T	N	O	M	M	U	C	J
P	J	N	I	E	A	I	Z	T	N	B	O	I	A	K	X
X	O	S	U	L	E	B	E	D	A	I	A	R	P	T	X
T	F	H	A	R	U	B	R	Y	A	R	O	S	A	D	S
I	W	P	A	J	O	A	F	P	U	H	Z	N	Z	X	Y
B	F	S	Q	T	O	K	Z	K	A	F	L	Z	X	H	Z
X	S	L	F	J	K	K	E	M	S	I	M	I	J	V	K
C	O	S	T	A	D	E	F	I	G	U	E	I	R	O	N
C	Q	Q	T	C	Y	T	S	T	I	I	Q	H	G	V	I
A	N	O	B	M	P	O	A	C	I	L	Y	Z	F	J	U
B	K	I	A	W	O	I	R	U	A	N	O	V	A	E	M
A	V	B	H	X	C	X	F	K	S	A	A	A	S	W	J
L	Z	C	T	N	Q	X	M	X	I	I	J	S	R	V	R
O	P	B	C	L	W	D	A	C	H	A	D	I	Z	A	W





LETRAS GALEGAS 2010



FIADEIRO

libre pra morrer libre pra morrer
libre pra fixar libre pra fixar

GALICIA labrega GALICIA nosa
GALICIA marifeira GALICIA nosa
GALICIA obreira GALICIA nosa
GALICIA irmandiña
GALICIA viva toda

recóllete da TERRA estás moi fonda
recóllete do PUEBLO estás n'í toda
recóllete da HISTORIA estás borroica

recóllete i érgote no verbo anteiro
no verbo ventadeiro que fala o pueblo

